

## DOCUMENTO TÉCNICO

**De Lingua en Lingua** componse de nove ODES elaborados co programa libre e aberto eXeLearning 2.1.2.

- eXeLearning pódese descargar para GNU/Linux, Microsoft Windows e Apple [aquí](#). Existe unha **versión portable**. Nesta [ligazón](#) pódense seguir as instrucións para a instalación nos diferentes sistemas operativos.

-Dentro de cada unidade pódense encontrar documentos coa extensión .pdf (aquí pódese atopar un **lector de pdf** de balde) e mais .odt, polo que será necesario ter instalado **open office**.

-Os arquivos de son que conteñen están en mp3. E os vídeos en mp4 ou mpeg. Se os dispositivos non inclúen lectores de ditos formatos, o programa **VLC**, un reprodutor multimedia libre e de código aberto multiplataforma, reproducéos.

-As imaxes están en formato .gif o .jpg.

-Non é necesario ter instalado o programa eXeLearning para poder visualizar e traballar co ODE. Se se ten o arquivo comprimido, hai que descomprimilo, localizar o arquivo **index.html** e clicar sobre el. O ODE aparecerá de contado.

-Ningunha das unidades pesa máis de 100 megas.

## NAVEGACIÓN

-INICIO: Cada unidade contén unha portada como a seguinte,



Accédese aos contidos de tres xeitos diferentes.

- Desde a barra de navegación.
- Clicando sobre os globos.
- Clicando sobre a imaxe.

-QUE CONMEMORAMOS?: Condúcenos a poder escoller unha páxina de presentación da data que se conmemora en galego / castelán / inglés.




- QUE IMOS FACER?: Esta páxina presenta o produto final que se quere conseguir por medio das actividades nas tres linguas.



-COMO NOS AVALIAMOS?: Desde aquí accédese ás rúbricas nos tres idiomas



- PROFESORADO: Esta pestana permite acceder á presentación da unidade, actividades de aprendizaxe cooperativa, contidos e estándares e atribución.



-Tamén se pode facer un seguimento lineal das páxinas empregando os botóns superiores:

